

EXECUCIÓN FINANCEIRA DA ANUALIDADE 2008 DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E FONDOS
Xunta de Galicia

Recibido: 30 de setembro de 2009

Aceptado: 6 de novembro de 2009

Resumo: O Programa Operativo (PO) FEDER Galicia 2007-2013, que se inscribe no contexto do Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013, foi aprobado pola Comisión Europea no marco do Obxectivo Convergencia de España a través da Decisión da Comisión de 30 de novembro de 2007, C(2007)6079, cunha axuda comunitaria de 2.191 millóns de euros. As súas liñas estratéxicas foron elaboradas pola Xunta de Galicia en colaboración cos interlocutores económicos e sociais e coas autoridades locais, nacionais e da UE. A execución financeira do ano 2008 alcanza os 202,4 millóns de euros. Sobresaen tamén a contribución do programa ao Obxectivo Lisboa e as principais accións de publicidade e información levadas a cabo no ano 2008.

Palabras clave: PO FEDER Galicia 2007-2013 / Obxectivo Convergencia / Execución financeira do ano 2008 / Obxectivo Lisboa / Accións de publicidade e información.

FINANCIAL EXECUTION OF 2008 ANNUAL PAYMENT OF THE OPERATIONAL PROGRAM FEDER GALICIA 2007-2013

Abstract: The PoFEDER Galicia 2007-2013 falls within the context of the Strategic Framework of Galician Economic Convergence 2007-2013. It was approved by the European Commission under the Convergence Objective of Spain, through the Commission Decision of November 30, 2007, C(2007)6079, with a Community support of 2,191 million euros. The strategic lines were prepared by the Xunta de Galicia, in collaboration with the economic and social partners and the local, national and European authorities. The financial execution of 2008 reaches 202,4 million euros. The contribution of the Program to the Lisbon Agenda and the main activities of publicity and information carried out in 2008, are also highlighted.

Keywords: PO FEDER Galicia 2007-2013 / Convergent Objective / Financial execution of 2008 / Lisbon Agenda / Publicity and information actions.

1. O PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

O Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 ten carácter rexional e está xestionado conxuntamente pola Administración Xeral do Estado (AXE) e pola Xunta de Galicia a través de sete eixes prioritarios de intervención. O seu obxectivo é apoiar o desenvolvemento económico sostible e integrado a través de actuacións de modernización das estruturas económicas e da creación e preservación do emprego de calidade. O investimento total en Galicia en termos de custo total é de 3.172,2 millóns de euros, dos que 2.191,5 millóns de euros corresponden á axuda comunitaria.

Cómpre destacar que no novo contexto de financiamento europeo para o período 2007-2013, Galicia, polas súas características territoriais e económicas, inscríbese dentro do Obxectivo Convergencia. Atópase, polo tanto, nun momento clave para reorientar a súa estratexia cara á promoción dos factores de desenvolvemento

ligados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o potencial de crecemento e produtividade e reforzar a cohesión social, a través do coñecemento, da innovación e da valorización do capital humano.

Neste sentido, o PO FEDER Galicia 2007-2013 configúrase como unha intervención que dá prioridade ás súas actuacións na rexión, para impulsar o seu desenvolvemento no contexto de crecemento e emprego fixado pola Unión Europea no marco da estratexia establecida no cumio de Lisboa do ano 2000, e relanzada no ano 2005.

O importe executado no ano 2008 alcanza os 202,4 millóns de euros, o que representa o 47,3% da anualidade programada en custo total (428,3 millóns de euros).

A continuación expóñense as finalidades de cada un dos eixes e a súa execución financeira no ano 2008 por temas prioritarios e taxas de cofinanciamento, sinalando tamén a súa contribución ao Obxectivo Lisboa e as actuacións destacadas de publicidade e información.

1.1. EIXE 1: DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO (I+D+i, SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E TIC)

Táboa 1.- PO FEDER Galicia 2007-2013. Execución financeira do Eixe 1 da anualidade 2008 (en euros)

EIXE 1: DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO (I+D+i, SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E TIC)					
	Tema prioritario	Programado	Executado	%	Taxa
1	Actividades de IDT en centros de investigación	7.039.989	7.268.528	103,2	80
2	Infraestruturas de IDT (incluídas instalacións, instrumentos e redes informáticas de alta velocidade para a conexión de centros de investigación) e centros de cualificación nunha tecnoloxía específica	2.063.130	2.272.261	110,1	80
3	Transferencia de tecnoloxía e mellora das redes de cooperación entre pequenas empresas (PEMESpemes), así como entre estas e outras empresas e universidades, centros de ensino post-secundarios de todo tipo, autoridades rexionais, centros de investigación e enclaves científicos e tecnolóxicos (parques científicos e tecnolóxicos, tecnópolis, etc.)	2.036.343	250.750	12,3	80
7	Investimento en empresas directamente relacionadas coa investigación e coa innovación (tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas por parte das universidades, centros e empresas de I+DT existentes, etc.)	5.867.079	6.193.365	105,6	80
10	Infraestruturas telefónicas (incluídas redes de banda ancha)	5.454.721	7.639.036	140,0	80
11	Tecnoloxías da información e da comunicación (acceso, seguridade, interoperatividade, prevención de riscos, investigación, innovación, contido electrónico, etc.)	3.687.006	1.682.339	45,6	80
13	Servizos de aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia de saúde, Administración Pública, formación, inclusión...)	13.965.165	13.046.237	93,4	80
14	Servizos e aplicacións para as pemes (comercio electrónico, ensino e formación, establecemento de redes, etc.)	1.348.411	428.705	31,8	80
TOTAL		41.461.844	38.781.221	93,5	

O Eixe 1 ten como finalidades as seguintes:

- Fortalecer a competitividade das empresas galegas, apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).

- Fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas.
- Estender e difundir as tecnoloxías da información e das comunicacións.
- Desenvolver novos servizos de cara á modernización administrativa.

O tema prioritario 13: “Servizos de aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia de saúde, Administración Pública, formación, inclusión, etc.)”, con 13,9 millóns de euros, é o que ten unha programación maior dentro dos oito que conforman este eixe.

No ano 2008, a execución financeira do Eixe 1 alcanza a cantidade de 38.781.221 € o que supón o 93,5% da anualidade programada.

Destacan pola súa alta execución os seguintes temas prioritarios: o 10: “Infraestruturas telefónicas”, co 140% da anualidade programada; e o 2: “Infraestruturas de IDT”, co 110,1%.

1.2. EIXE 2: DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL

Táboa 2.- PO FEDER Galicia 2007-2013. Execución financeira do Eixe 2 da anualidade 2008 (en euros)

EIXE 2: DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL					
	Tema prioritario	Programado	Executado	%	Taxa
6	Axudas ás pemes para o fomento da utilización de produtos e procesos de produción que respecten o medio (introdución de sistemas eficaces de xestión ambiental, adopción e utilización de tecnoloxías anticontaminantes e integración de tecnoloxías)	4.487.569	1.150.315	25,6	70
8	Outros investimentos en empresas	50.680.260	15.209.072	30,0	70
9	Outras medidas destinadas a fomentar a investigación e innovación e o espírito empresarial nas pemes	23.356.021	3.040.109	13,0	70
TOTAL		78.523.850	19.399.496	24,7	

As actuacións previstas no Eixe 2 teñen como principais destinatarios as pemes, e perseguen:

- Fortalecer a competitividade das empresas, fomentando a innovación empresarial e impulsando a iniciativa cara á produción, difusión e utilización de novos coñecementos.
- Impulsar a proxección internacional do tecido produtivo e mellorar o seu acceso ao financiamento.
- Impulsar o crecemento e consolidación das pemes, incrementando a súa capacidade de innovación e a transferencia de coñecementos.
- Fomentar un desenvolvemento máis equilibrado entre as zonas costeiras e o interior, e contribuír á cohesión económica e social de Galicia.

A execución financeira do Eixe 2 no ano 2008 foi de 19.399.496 euros, o que representa o 24,7% da anualidade programada.

O tema prioritario 8: “Outros investimentos en empresas” presenta a execución máis alta, o 30% sobre a anualidade programada. Esta categoría tamén é a que presenta o valor máis alto no eixe, con 50,6 millóns de euros programados.

1.3. EIXE 3: MEDIO AMBIENTE, CONTORNA NATURAL, RECURSOS HÍDRICOS E PREVENCIÓN DE RISCOS

Táboa 3.- PO FEDER Galicia 2007-2013. Execución financeira do Eixe 3 da anualidade 2008 (en euros)

EIXE 3: MEDIO AMBIENTE, CONTORNA NATURAL, RECURSOS HÍDRICOS E PREVENCIÓN DE RISCOS					
	Tema prioritario	Programado	Executado	%	Taxa
44	Xestión de residuos domésticos e industriais	6.133.309	3.719.813	60,6	70
45	Xestión e distribución da auga (auga potable)	7.266.589	2.916.501	40,1	70
46	Tratamento da auga (augas residuais)	57.420.297	2.522.581	4,4	70
47	Calidade do aire	1.689.626	1.750.806	103,6	70
48	Prevenición e control integrados da contaminación	1.523.423	1.611.028	105,8	70
50	Rehabilitación de zonas industriais e terreos contaminados	474.776	545.378	114,9	70
51	Fomento da protección da biodiversidade e a natureza (incluíndo o programa Natura 2000)	25.439.256	1.620.659	6,4	70
53	Prevenición de riscos (incluídas a elaboración e a aplicación de plans e medidas para prever e xestionar os riscos naturais e tecnolóxicos)	7.811.690	2.794.195	35,8	70
55	Fomento da riqueza natural	1.002.657	743.830	74,2	70
TOTAL		108.761.623	18.224.791	16,8	

Os obxectivos principais do Eixe 3 son os seguintes:

- Reforzar o potencial ambiental de Galicia como vehículo para o desenvolvemento económico sostible.
- Establecer mecanismos de alerta e prevención fronte aos riscos ambientais.
- Satisfacer as necesidades actuais en materia de saneamento e depuración de augas residuais.
- Mellorar o abastecemento de auga á poboación, garantindo a dispoñibilidade de recursos hídricos en cantidade e calidade axeitadas.
- O acondicionamento e recuperación de espazos e chans contaminados e a conservación da biodiversidade.

O tema prioritario 46: “Tratamento da auga (augas residuais)” é o que ten unha programación máis alta neste eixe dentro dos nove temas prioritarios, con 57,4 millóns de euros.

A execución financeira do Eixe 3 no ano 2008 alcanzou a cantidade de 18.224.791 euros, o que supón o 16,8% da anualidade programada.

Destacan pola súa alta execución os seguintes temas prioritarios: o 50: “Rehabilitación de zonas industriais e terreos contaminados”, co 114,9% da anualidade programada; o 48: “Prevenición e control integrados de contaminación”, co 105,8%; e o 47: “Calidade do aire”, co 103,6%.

1.4. EIXE 4: TRANSPORTE E ENERXÍA**Táboa 4.-** PO FEDER Galicia 2007-2013. Execución financeira do Eixe 4 da anualidade 2008 (en euros)

EIXE 4: TRANSPORTE E ENERXÍA					
	Tema prioritario	Programado	Executado	%	Taxa
20	Autoestrada	44.117.767	7.914.027	17,9	65
21	Autoestrada (RTE-T)	11.668.003	58.546.684	501,8	65
22	Estradas nacionais (E)	15.402.345	344.900	2,2	65
23	Estradas rexionais/locais	21.586.037	41.148.660	190,6	65
25	Transporte urbano	1.838.552	455.813	24,8	65
26	Transporte multimodal	8.039.072	0	0,0	65
29	Aeroportos	14.324.574	0	0,0	65
30	Portos	3.881.506	2.816.958	72,6	65
33	Electricidade	5.935.271	0	0,0	65
35	Gas natural	643.494	0	0,0	65
37	Produtos derivados do petróleo	643.494	0	0,0	65
40	Enerxías renovables: solar	3.450.401	0	0,0	70
41	Enerxías renovables: biomasa	3.094.765	0	0,0	70
43	Eficacia enerxética, coxeración e xestión enerxética	3.220.853	0	0,0	70
52	Fomento do transporte urbano limpo	6.230.647	0	0,0	70
TOTAL		144.076.781	111.227.042	77,2	

A través do Eixe 4 perséguese:

- Mellorar a accesibilidade do territorio galego, especialmente por estrada e por vía férrea de altas prestacións.
- Continuar fomentando a creación e produción de enerxías de fontes sostibles e mellorar a eficiencia enerxética.
- O desenvolvemento da náutica deportiva nos pequenos portos da Comunidade.
- Impulsar o aproveitamento das tecnoloxías de enerxía solar e biomasa.

O tema prioritario 20: “Autoestradas” é o que ten unha programación máis elevada deste eixe, dentro dos quince temas prioritarios, con 44,1 millóns de euros.

A execución financeira do Eixe 4 no ano 2008 foi de 111.227.042 euros, o que representa o 77,2% da anualidade programada.

Destacan pola súa alta execución os temas prioritarios 21: “Autoestrada (RTE-T)”, co 501,8% da anualidade programada; e o 23: “Estradas rexionais locais”, co 190,6%.

1.5. EIXE 5: DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL E URBANO**Táboa 5.-** PO FEDER Galicia 2007-2013. Execución financeira do Eixe 5 da anualidade 2008 (en euros)

EIXE 5: DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL E URBANO					
	Tema prioritario	Programado	Executado	%	Taxa
56	Protección e desenvolvemento do patrimonio natural	6.541.814	3.794.955	58,0	70
57	Outras axudas para mellorar os servizos turísticos	9.470.163	950.076	10,0	70
58	Protección e conservación do patrimonio cultural	3.317.233	3.119.059	94,0	70
59	Desenvolvemento da infraestrutura cultural	3.749.534	874.265	23,3	70
61	Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural	25.216.120	0	0,0	70
TOTAL		48.294.864	8.738.355	18,1	

No Eixe 5 do Programa Operativo preténdese o seguinte:

- O desenvolvemento de actuacións integrais de rexeneración urbana nas cidades galegas.
- Impulsar a rexeneración económica, o reequilibrio territorial da rexión e potenciar a actividade económica ligada aos recursos endóxeos, especialmente na contorna rural.
- Fomentar o espírito empresarial entre a poboación co fin de reducir os niveis de éxodo rural e a adaptación desta contorna ás novas demandas da economía globalizada.
- O impulso da política de cohesión comunitaria e da creación de mecanismos de enlace e sinerxias entre formación, investigación e sector privado.

O tema prioritario 61: “Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural” é o que ten unha programación máis alta, dentro dos cinco temas prioritarios deste eixe, con 25,2 millóns de euros.

A execución financeira do Eixe 5 no ano 2008 alcanzou a cantidade de 8.738.355 euros, o que supón o 18,1% da anualidade programada.

Destaca pola súa alta execución o tema prioritario 58: “Protección e conservación do patrimonio cultural”, co 94% da anualidade programada.

1.6. EIXE 6: INFRAESTRUTURAS SOCIAIS

Táboa 6.- PO FEDER Galicia 2007-2013. Execución financeira do Eixe 6 da anualidade 2008 (en euros)

EIXE 6: INFRAESTRUTURAS SOCIAIS					
	Tema prioritario	Programado	Executado	%	Taxa
75	Infraestruturas en materia de educación	3.014.243	4.265.393	141,5	80
76	Infraestruturas en materia de saúde	615.788	6.600	1,1	80
77	Infraestruturas en materia de coidado de nenos	1.492.564	737.971	49,4	80
79	Outras infraestruturas sociais	970.403	871.577	89,8	80
TOTAL		6.092.998	5.881.541	96,5	

As finalidades neste Eixe están vinculadas co seguinte:

- Aumentar as prazas de gardarías públicas e doutras infraestruturas para persoas dependentes e en risco de exclusión, que afecta en maior medida ás mulleres, especialmente ás que se atopan en peores condicións laborais.
- Ampliar a dotación de infraestruturas educativas e contribuír á mellora da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Promover a conciliación da vida laboral e familiar.

- Incrementar os centros de acollida para mulleres vítimas de violencia doméstica cun enfoque máis integrador.
- Fomentar a creación de centros de apoio para todos aqueles colectivos desfavorecidos (discapacitados, inmigrantes, menores con problemas sociais, dogrodependentes, etc.).

O tema prioritario 75: “Infraestruturas en materia de educación” é o que ten a programación máis alta do eixe, dentro dos catro temas prioritarios, con 3 millóns de euros.

A execución financeira do Eixe 6 no ano 2008 foi de 5.881.541 euros, o que representa o 96,5% da anualidade programada.

Destacan pola súa alta execución os seguintes temas prioritarios: o 75: “Infraestruturas en materia de educación”, co 141,5% da anualidade programada; e o 79: “Outras infraestruturas sociais”, co 89,8%.

1.7. EIXE 7: ASISTENCIA TÉCNICA E REFORZO DA CAPACIDADE INSTITUCIONAL

Táboa 7.- PO FEDER Galicia 2007-2013. Execución financeira do Eixe 7 da anualidade 2008 (en euros)

EIXE 7: ASISTENCIA TÉCNICA E REFORZO DA CAPACIDADE INSTITUCIONAL					
	Tema prioritario	Programado	Executado	%	Taxa
85	Preparación, execución, seguimento e inspección	552.624	54.669	9,9	80
86	Avaliación e estudos; información e comunicación	552.624	146.900	26,6	80
TOTAL		1.105.248	201.569	18,2	

As actuacións que se levan a cabo neste eixe teñen como obxectivo reforzar as actividades administrativas de programación, xestión, avaliación, certificación e de comunicación e publicidade.

A execución financeira do Eixe 7 no ano 2008 alcanzou a cantidade de 201.569 euros, o que supón o 18,2% da anualidade programada.

O tema prioritario 86: “Avaliación e estudos; información e comunicación” presenta a execución máis alta, co 26,6% sobre a anualidade programada.

2. A CONTRIBUCIÓN DA EXECUCIÓN FINANCEIRA DO ANO 2008 AO OBXECTIVO LISBOA

O artigo 9 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, no seu punto 3, sinala que: “A axuda cofinanciada polos Fondos centrarase nas prioridades da UE de fomentar a competitividade e crear emprego, que inclúen o cumprimento dos obxectivos das directrices integradas para o crecemento e o emprego (2005-2008). Para estes efectos, de acordo coas súas competencias respectivas, a Comisión e os Estados membros garantirán que se destinen ás mencionadas prioridades o 60% do gasto correspondente ao Obxectivo de Convergencia...”. No caso do PO

FEDER Galicia 2007-2013, a súa programación é coherente co establecido no citado artigo, xa que o importe relacionado co Obxectivo Lisboa alcanza os 1.587,1 millóns de euros, que representan o 72,42% da axuda programada, superando en 12,4 puntos a porcentaxe esixida.

No ano 2008, a contribución do PO FEDER Galicia 2007-2013 ao Obxectivo Lisboa en termos de axuda comunitaria ascende a uns 94,03 millóns de euros.

Táboa 8.- Execución financeira do ano 2008 PO FEDER Galicia 2007-2013 e a súa contribución ao Obxectivo Lisboa (en millóns de euros)

EIXE	DENOMINACIÓN	PROGRAMADO EN CUSTO 2007-2013	PROGRAMADO EN CUSTO 2008	OBXECTIVO LISBOA 2008	
				Executado custo total	Executado axuda
1	Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información e TIC)	267,30	41,46	38,78	31,02
2	Desenvolvemento e innovación empresarial	516,71	78,52	19,40	13,58
3	Medio ambiente, contorna natural, recursos hídricos e prevención de riscos	694,67	108,76	5,44	3,81
4	Transporte e enerxía	1.311,80	144,08	69,28	45,03
5	Desenvolvemento sostible local e urbano	330,72	48,29	0,00	0,00
6	Infraestruturas sociais	44,63	6,09	0,74	0,59
7	Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional	6,38	1,11	0,00	0,00
TOTAL		3.172,21	428,31	133,64	94,03

3. ACTUACIÓNS DESTACADAS DE PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

No novo período de programación dos Fondos Estruturais 2007-2013 a Unión Europea e as rexións de Europa desexan impulsar desde unha responsabilidade compartida a comunicación e a información entre as institucións europeas e os seus cidadáns.

De acordo con este enfoque elaboráronse os Plans de Comunicación dos Programas Operativos FEDER e FSE 2007-2013 de Galicia, que establecen as medidas de información e publicidade que se deben ter en conta para unha maior notoriedade das actuacións da Unión Europea na nosa rexión.

En coherencia co cumprimento das obrigas de información e publicidade comunitarias establecidas no Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, e no Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro de 2006, realizáronse diversas accións de publicidade e información vinculadas co PO FEDER Galicia 2007-2013 con cargo á Asistencia técnica (Eixe 7).

No Eixe 7 destacan as actuacións de publicidade e información, que se desenvolveron ao longo do ano 2008 cun importe global de 105.900,11 euros, e entre as que sobresaen as seguintes:

- a) Campaña de publicidade en prensa do lanzamento do PO FEDER Galicia 2007-2013.

Axudas para a unión
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

A Consellería de Economía e Facenda e a Unión Europea, a través do **FEDER**, traballan cun obxectivo: a converxencia e a cohesión de Galicia con Europa.

Para conseguilo, o Custo total da inversión financeira prevista do FEDER en Galicia no período 2007-2013 suporá 3.172 millóns de euros, coa seguinte distribución por Eixes prioritarios de intervención:

- 1- Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da información e TIC) (267 millóns de euros).
- 2- Desenvolvemento e innovación empresarial (517 millóns de euros).
- 3- Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos (695 millóns de euros).
- 4- Transporte e enerxía (1.312 millóns de euros).
- 5- Desenvolvemento sostible local e urbano (331 millóns de euros).
- 6- Infraestruturas sociais (44 millóns de euros).
- 7- Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional (6 millóns de euros).

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
Informe na web www.economiaefacenda.org

- b) Edición en formato CD do PO FEDER Galicia 2007-2013 en galego.



- c) Edición do libro PO FEDER Galicia 2007-2013 en galego.
- d) Seminario de lanzamento do PO FEDER Galicia 2007-2013.
- e) Edición de trípticos do PO FEDER Galicia 2007-2013 con desagregación das súas prioridades.
- f) Publicación da *Revista Galega de Economía* no ano 2008 en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde destaca un monográfico sobre a política rexional europea.
- g) Artigo FEDER na revista *Review* sobre as rehabilitacións dos pobos mineiros de Fontao (Vila de Cruces, Pontevedra) e de Salgueiro (Baixa Limia, Serra do Xurés, Ourense).